

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona Mariía Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

D. Jesús Oitavén Barcala

Polo Consello Consultivo

Dona María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 29 de Setembro de 2020, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 22 de Setembro de 2020, ten lugar a XLV sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. - Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constatase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 21 de xullo de 2020.

Constátase o envío da acta da sesión XLIV . Estando conformes todos os membros presentes apróbbase por asentimento.

3. Solicitud de revogación da resolución da Comisión de Transparencia de Galicia do 3 de marzo de 2020 recaída no expediente RSCTG 9/2020, e solicitud de acumulación co expediente RSCTG 51/2020

Aprobase por unanimidade, tras o seu estudo, a proposta de resolución da solicitud de revogación da resolución da Comisión de Transparencia de Galicia do 3 de marzo de 2020 recaída no expediente RSCTG 9/2020, e solicitud de acumulación co expediente RSCTG 51/2020 presentada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

4. Resolución, se procede, dos expedientes tramitados.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/46/20	Estimación por motivos formais
RSCTG/47/20	Estimación
RSCTG/51/20	Estimación para retroaccion
RSCTG/52/20	Estimación
RSCTG/58/20	Estimación
RSCTG/62/20	Estimación
RSCTG/65/20	Inadmisión
RSCTG/68/20	Estimación Parcial
RSCTG/69/20	Estimación

Nº	Sentido
RSCTG/70/20	Arquivo por duplicidade
RSCTG/71/20	Estimación por motivos formais
RSCTG/72/20	Estimación para retroaccion
RSCTG/74/20	Desestimación
RSCTG/75/20	Estimación
RSCTG/76/20	Estimación por motivos formais
RSCTG/77/20	Estimación
RSCTG/97/20	tramitase como queixa

5. Comunicación de resoluciones adoptadas en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia nos expedientes RSCTG/64/20 e RSCTG/73/20.

Dáse conta da resolución adoptada pola Presidenta da Comisión da Transparencia do expediente RSCTG 64/2020 á Comisión da Transparencia, en virtude da delegación de competencias acordada en sesión do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo).

Infórmase que respecto do expediente RSCTG 73/2020, o requirimento de acreditación de representación do reclamante foi devolto servizo de Correos, polo que non procede a súa resolución por desistencia do interesado. Tras a efectiva notificación o interesado acredita a representación, polo que tras a elaboración de proposta de resolución, someterase a aprobación na seguinte sesión da Comisión.

6. Comunicación de resoluciones xudiciais

Dáse conta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 436/2020, do 24 de xullo de 2020 sobre Resolución da Comisión da Transparencia no expediente RSCTG 130/2018 e comunicación de dilixencia de ordenación do 27 de agosto de 2020, pola que se declara a firmeza do acordo de desistencia do demandante no recurso contencioso PO 135/19, interposto contra a resolución da Comisión da Transparencia no expediente RSCTG 123/18.

Infórmase do estado dos expedientes de recurso contencioso-administrativo pendentes

7. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 27 de outubro de 2020 ás 11.00 horas.

8. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 13.15 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia